

ANEXO II

Procedementos ambulatorios

	Procedemento	Custo medio	Custo compensable (80 %)
1	Ablación cardíaca	5.400	4.320
2	Biopsia cerebral	150	120
3	Diagnóstico prenatal con amniocentese ou biopsia corial	410	328
4	Braquiterapia oftálmica	8.250	6.600
5	Braquiterapia prostática	11.850	9.480
6	Braquiterapia noutras localizacións	650	520
7	Cápsuloendoscopia	950	760
8	Cateterismo hepático diagnóstico e terapéutico	2.050	1.640
9	Embolización	4.500	3.600
10	Estudos xenéticos	290	232
11	Fecundación in vitro (ciclos completos)	3.100	2.480
12	Gammagrafía e estudos isotópicos funcionais	250	200
13	Inseminación artificial	700	560
14	Inxección intracitoplasmática de espermatozoides (ICSI)	1.200	960
15	Litotricia renal extracorpórea	900	720
16	Nefrolitotomía percutánea	330	264
17	PET en indicacións oncolóxicas	700	560
18	Polisomnografía	400	320
19	Hemodinamia cardíaca diagnóstica e terapéutica	3.300	2.640
20	Hospital de Día Oncolóxico	1.400	1.120
21	Radiocirurxía estereotáxica para tumores cerebrais e neuralxía do trixémimo	7.450	5.960
22	Radiocirurxía estereotáxica de malformacións arteriovenosas	9.200	7.360
23	Radioloxía vascular e intervencionista diagnóstica e terapéutica	1.100	880
24	Radioterapia (tratamento completo)	2.150	1.720
25	Terapia fotodinámica	1.730	1.384
26	Tratamento cámara hiperbárica	2.200	1.760
27	Anxiografía diagnóstica	900	720
28	Laserterapia en malformacións vasculares conxénitas	160	128
29	Manometría rectal	50	40
30	Colanxiopancreatografía retrógrada endoscópica con inserción de stent	650	520
31	Diálise	155	124

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

18484 *ORDETAS/3261/2006, do 19 de outubro, pola que se regula a comunicación do contido do certificado de empresa e doutros datos relativos aos períodos de actividade laboral dos traballadores e o uso de medios telemáticos en relación con aquela. («BOE» 254, do 24-10-2006.)*

A modernización e adaptación permanente das actuacións administrativas ao ritmo das innovacións tecnolóxicas e o impulso da Administración electrónica propugnada pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, son unha exigencia constante de toda sociedade actual. Concretamente, o seu artigo 45 incorpora o impulso que as administracións públicas lle deben dar ao emprego e á aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos nas súas relacións cos cidadáns.

En desenvolvemento desta previsión legal aprobouse o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral de Estado, que foi modificado polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro,

polo que se regulan os rexistros e notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns.

Neste contexto, e coa finalidade de posibilitar a simplificación administrativa e mellorar a calidade da xestión das prestacións por desemprego, aprobouse o Real decreto 200/2006, do 17 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 625/1985, do 2 de abril, que desenvolveu a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego. En concreto, o punto nove do artigo único do citado Real decreto 200/2006, do 17 de febreiro, dálle nova redacción ao artigo 24 do Real decreto 625/1985, para permitir a presentación de solicitudes de prestacións e outra documentación, como o certificado de empresa, «por medios ou procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos, de acordo co disposto nos artigos 38.4 e 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento, así como nas condicións que estableza a entidade xestora».

Por outro lado, o artigo 230.c) e d), do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, establece a obriga dos empresarios de facilitarles o certificado de empresa aos traballadores, así como a de proporcionar a documentación e información para o recoñecemento, suspensión, extinción ou reinicio do dereito a prestacións por desemprego nos termos que regulamentariamente se determine.

Este desenvolvemento recóllese no artigo 27 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, que establece un prazo de dez días, contado desde o seguinte ao da situación legal de desemprego, para cumprir a obriga de entrega do certificado de empresa. O traballador deberá xuntar o certificado de empresa á súa solicitude de prestación por desemprego, a teor do artigo 21.5 do citado texto regulamentario. Así mesmo o artigo 13, puntos 4 e 5, do Real decreto 625/1985, incorporado polo Real decreto 200/2006, establece que a entidade xestora das prestacións por desemprego poderá admitir para os traballadores fixos descontínuos e os que teñan reducida a súa xornada ordinaria de traballo ou suspendida a súa relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego, que a solicitude inicial de prestación produza efectos como solicitude de reinicio polos períodos de inactividade dentro do mesmo expediente ou dentro da mesma actividade fixa descontínua; neste caso a empresa autorizada polo traballador deberalle comunicar á entidade xestora cada mes a información indicada no artigo 13.4 mencionado.

Para a elaboración desta orde tómanse en consideración os artigos 38.9 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como a súa disposición adicional décimo oitava engadida polo artigo 68.3 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introducidos coa finalidade de impulsar a administración electrónica.

Facendo uso da autorización recollida na disposición derradeira primeira do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, a favor do ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nel e co fin de conseguir a modernización na xestión das prestacións por desemprego, dítase esta orde que crea a aplicación informática *Certific@2* e regula as condicións que lles permitirán aos empregadores a transmisión telemática da documentación que están obrigados legalmente a facilitar para a solicitude de prestacións por desemprego dos traballadores cos cales mantivesen unha relación laboral.

Na súa virtude, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto determinar as condicións e requisitos para a comunicación polos empregadores á entidade xestora das prestacións por desemprego, utilizando os medios telemáticos a que se refire o artigo 24 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, dos datos dos certificados de empresa e outros documentos relacionados cos procedementos e actuacións no ámbito das prestacións por desemprego. Para iso créase e régúlase unha aplicación informática denominada «*Certific@2*» que permite a presentación, recepción e tramitación destes documentos.

2. En todo caso, resultará de aplicación o disposto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado coas modificacións introducidas polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, co fin de garantir que se cumpran os requisitos necesarios para asegurar a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e demais condicións reguladas nel.

Artigo 2. *Creación da aplicación informática denominada *Certific@2* e relación de datos susceptibles de ser transmitidos polos empregadores á entidade xestora das prestacións por desemprego.*

Créase unha aplicación informática denominada *Certific@2* para a recepción e o almacenamento dos seguin-

tes datos transmitidos polos empregadores á entidade xestora para a xestión das prestacións por desemprego:

1. Datos do certificado de empresa previsto no artigo 21.5 e 27 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, e no 230.d) do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, conforme o contido que se xunta como anexo I.

2. Datos a que se refiren os puntos 4 e 5 do artigo 13 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, relativos aos períodos de actividade laboral e a outras situacións producidas durante a vixencia da campaña de traballadores fixos-descontínuos ou durante os períodos de suspensión laboral ou redución da xornada ordinaria de traballo autorizados mediante expediente de regulación de emprego dos traballadores afectados, conforme o contido que se xunta como anexo II.

3. Calquera outra información que se poida establecer nun futuro, de acordo co previsto na disposición derradeira primeira desta orde.

Artigo 3. *Funcionalidade da aplicación *Certific@2*.*

A funcionalidade desta aplicación concrétese nas seguintes utilidades:

1. Transmisión e recepción do contido das comunicacións a que se refire o artigo 2 desta orde.

2. Consultas realizadas polos usuarios relativas á comunicación de datos.

Artigo 4. *Usuarios da aplicación *Certific@2*.*

1. Poderán ser usuarios de *Certific@2* e comunicar datos polo procedemento telemático regulado nesta orde, na súa condición de empregadores, calquera empresa, organización empresarial ou asociación, institución ou entidade de dereito público, independentemente da súa forma xurídica, incluído o empresario persoa física, o seu representante legal e as empresas e profesionais colexiados que no exercicio da súa actividade profesional gocen da representación das empresas en cuxo nome actúan, que teñan contratados traballadores, operen no territorio nacional e teñan asignada ao seu CIF ou NIF unha conta de cotización pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Os usuarios da aplicación *Certific@2* deberán dispoñer dalgún dos sistemas de identificación seguintes:

a) Sinatura electrónica recoñecida con certificado expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

b) Outros sistemas de sinatura electrónica que figuren na relación actualizada dispoñible na aplicación.

3. Tamén poderán ser usuarios da aplicación *Certific@2* os empregadores con autorización para a transmisión telemática de datos aos servizos públicos de emprego conforme o establecido no artigo 7 do Real decreto 1424/2002, do 27 de decembro, que regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas aos servizos públicos de emprego e o uso de medios telemáticos en relación con aquela, e nos artigos 4, 5, 6, 7 e 11 da Orde TAS/770/2003, do 14 de marzo, que desenvolve o citado Real decreto 1424/2002, do 27 de decembro, logo de validación para o seu uso da aplicación *Certific@2*.

Artigo 5. *Comunicación e recepción de documentos a través da aplicación *Certific@2*.*

1. Os usuarios da aplicación *Certific@2* deberán comunicar os datos do certificado de empresa no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da situación

legal de desemprego, pódoo en coñecemento do traballador.

2. A comunicación de datos poderase realizar durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A aplicación rexerá pola data e a hora oficial española correspondente á península, a Ceuta e Melilla e ao arquipélago balear, que figurará visible no enderezo electrónico de acceso.

3. A aplicación informática, tras recibir o documento, emitirá polo mesmo medio unha mensaxe de confirmación da súa recepción na cal constarán os datos proporcionados polo usuario, xunto coa acreditación da data e da hora en que se produciu a recepción e unha clave de identificación da transmisión.

4. A mensaxe de confirmación, que se configurará de forma que poida ser impreso ou arquivado informativamente polo interesado e garanta a identidade do rexistro, terá o valor de recibo de presentación para efectos do disposto no artigo 6.3 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro. O usuario será advertido de que a non recepción da mensaxe de confirmación ou, se é o caso, a recepción dunha mensaxe de indicación de erro ou deficiencia da transmisión implica que non se produciu a recepción, debéndose realizar a presentación noutro momento ou utilizando outros medios.

Artigo 6. *Cómputo de prazos.*

A comunicación de datos a través da aplicación *Certific@2* e a súa recepción rexerá, para os efectos de cómputo dos prazos, polos seguintes criterios:

a) Serán considerados días inhábiles só os así declarados para todo o territorio nacional no calendario anual de días inhábiles aprobado pola resolución publicada polo Ministerio de Administracións Públicas, en cumprimento do punto 7 do artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A transmisión de datos recibidos nun día inhábil entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento da entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas cales se produciu efectivamente a recepción, constando como data e hora de entrada efectivas as cero horas e un segundo do primeiro día hábil seguinte.

Artigo 7. *Efectos do envío de datos a través da aplicación *Certific@2*.*

1. A comunicación de datos utilizando a aplicación creada nesta orde terá idénticos efectos que a efectuada polos demais medios admitidos en dereito.

2. A transmisión telemática de datos por un usuario autorizado conforme o previsto nesta orde suporá a exención do traballador da obriga de xuntar o certificado de empresa á súa solicitude de prestación por desemprego, segundo o establecido no artigo 21.5 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril.

3. Igualmente, a transmisión telemática de datos por un usuario autorizado conforme o previsto nesta orde respecto aos períodos de actividade laboral dos traballadores fixos discontinuos mencionados nos puntos 2 e 3 do artigo 2 desta orde, permitirá a xestión por parte da entidade xestora da solicitude de reinicio de prestacións e subsidios por desemprego regulada no artigo 13.5 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril.

4. A recepción na aplicación *Certific@2* de datos distintos aos indicados no artigo 2 non producirá ningún

efecto e teranse por non presentados, comunicándose ao interesado tal circunstancia con indicación dos rexistros e lugares que para a súa presentación habilita o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Obrigas da entidade xestora.*

1. A entidade xestora das prestacións por desemprego incorporará a unha base de datos todos os datos recibidos a través da aplicación *Certific@2*.

2. Así mesmo, está obrigada a facilitar a información sobre estes datos ou a súa inexistencia por solicitude dos traballadores ou dos seus representantes legais, a teor do previsto no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional única. *Custo económico.*

A aplicación informática que se crea nesta orde atenderase cos medios persoais e materiais do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal a ditar as resolucións oportunas para desenvolver o disposto nesta orde, de acordo coas oportunidades que ofrezan os avances tecnolóxicos que se incorporen á aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de outubro de 2006.–O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

ANEXO I

Relación de datos obrigatorios do certificado de empresa que se lle comunicarán ao Servizo Público de Emprego Estatal

Datos do representante da empresa:

NIF/NIE.

Nome.

Primeiro apelido.

Segundo apelido (se posúe NIE e carece de segundo apelido, non se consignará).

Cargo que ocupa na empresa.

Teléfono de contacto.

Enderezo de correo electrónico.

Datos da empresa:

Nome ou razón social.

CIF/NIF.

Código da conta de cotización.

Domicilio social. Rúa ou praza e número.

Localidade.

Código postal.

Provincia.

Actividade económica.

Domicilio do centro de traballo (só se é distinto do domicilio social).

Teléfono de contacto.

Enderezo de correo electrónico.

Datos do traballador:

Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido (se posúe NIE e carece de segundo apelido, non se consignará).
DNI/NIE.
N.º de afiliación á Seguridade Social.
Grupo de cotización.
Tipo de contrato.
N.º de días traballados á semana en caso de traballo a tempo parcial.
Profesión.
Categoría.
Data de alta na empresa.
Data de baixa na Seguridade Social.
Situación legal de desemprego. Causa.
Data de efectos. Inicio. Fin.
N.º de ERE.
N.º de días de vacacións anuais retribuídas e non desfrutadas antes do cesamento.
Período de salarios de tramitación. De ... a ...; n.º de días: ...

Cotizacións:

Cotizacións por continxencias comúns e de desemprego segundo TC-2, durante os últimos 180 días precedentes á data do cesamento.
Cotizacións posteriores ao cesamento correspondentes ás vacacións anuais, retribuídas e non desfrutadas antes da data do cesamento.
Lugar e data de expedición do certificado de empresa.

ANEXO II

Relación de datos obrigatorios dos períodos de actividade laboral que se lle comunicarán ao Servizo Público de Emprego Estatal

Datos do representante da empresa:

NIF/NIE.
Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido.
Cargo que ocupa na empresa.
Teléfono de contacto.
Enderezo de correo electrónico.

Datos da empresa:

Nome ou razón social.
CIF/NIF.
Código da conta de cotización.
Domicilio social. Rúa ou praza e número.
Localidade.
Código postal.
Provincia.
Teléfono de contacto.
Enderezo de correo electrónico.
Actividade económica.
Domicilio do centro de traballo (só se é distinto do domicilio social).

Datos do traballador:

NIF/NIE.
Nome.
Primeiro apelido.
Segundo apelido.
N.º de afiliación á Seguridade Social.
Tipo de contrato.
Grupo de cotización.

Profesión.
Categoría.
N.º de ERE, se é caso.

Datos da actividade:

Coefficiente de actividade que se aplicará aos días de traballo efectivo para o cálculo do POC (para traballadores de sistemas especiais de cotización).

Datos dos períodos de actividade:

Data de inicio e data final.

Identificación, se é o caso, de situacións: vacacións e descansos; IT, maternidade; baixa por fin de campaña; excedencia.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18558 *ORDE SCO/3269/2006, do 13 de outubro, pola que se establecen as bases para a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas.* («BOE» 255, do 25-10-2006.)

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, dispón no seu artigo 25.1 que a exixencia de autorizacións sanitarias, así como a obriga de someter a rexistro por razóns sanitarias as empresas ou os produtos, serán establecidas regulamentariamente.

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece no seu artigo 66, referente á cooperación en saúde pública entre o Estado e as comunidades autónomas, que se facilitará a promulgación de lexislación sanitaria e a aplicación das directivas e regulamentos da Unión Europea que afecten a saúde pública.

O Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, dispón no seu artigo 27 que os locais ou instalacións onde se fabriquen e/ou formulen biocidas, así como os que almacenen e/ou comercialicen biocidas autorizados para uso profesional e as empresas de servizos biocidas que así se determinen regulamentariamente, se deberán inscribir no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas de cada comunidade autónoma, que será xestionado pola autoridade sanitaria competente.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da súa Subdirección Xeral de Sanidade Ambiental e Saúde Laboral, dependente da Dirección Xeral de Saúde Pública, ten atribuídas as competencias sobre o rexistro, a autorización e a avaliación do risco para a saúde humana dos biocidas, en virtude do Real decreto 1555/2004, do 25 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade e Consumo.

A finalidade desta orde é establecer as condicións e requisitos mínimos para inscrición, estrutura e funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas que se instaurará en cada comunidade autónoma, co obxecto de facilitar o control oficial destas actividades, sen obstaculizar a libre circulación das ditas empresas e servizos en todo o territorio nacional.

Así mesmo, a elaboración desta disposición fai necesario adecuar a Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normalizan a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas á nova lexislación de produtos biocidas.